

EXERCICIO PRÁCTICO 7

1. Indique e xustifique lexislativamente os motivos polos cales un alumno pode rematar a educación primaria aos 15 anos.
2. Katia, alumna con discapacidade visual, cursa 1º EP. Nivel curricular acorde ao curso no que está escolrizada. Pode percibir luz, volumes e algúns matices de cor. Precisa aprender Braille para poder ler e escribir. Como lle ensinaría a lectoescritura en Braille a esta alumna? (2021)
3. En 4º de EP está escolarizado un alumno ao que a xefatura do DO acaba de valorar e determinar que presenta NEAE asociadas a altas capacidades intelectuais enmarcadas nun Talento Matemático. Presenta un rendemento académico medio-alto e nalgúnhas ocasións manifiesta reaccións emocionais desproporcionadas. A familia está moi implicada no proceso educativo do seu fillo e moi interesados en axudalo a mellorar e desenvolver o seu potencial de aprendizaxe.
 - a. Que medidas se poden adoptar para dar resposta ás NEAE do alumno?
 - b. Considera que podería ser beneficioso a aplicación do SEMGAL na súa aula? Argumente a resposta.
 - c. O apoio a este alumno, debería limitarse exclusivamente á área de matemáticas?
 - d. No protocolo de altas capacidades, recóllese que no proceso de identificación das AACC é preciso ter en conta, polo menos, tres ámbitos de avaliación. Cite e comente estes tres ámbitos e o motivo da súa importancia.
 - e. Das medidas de atención á diversidade recollidas pola normativa vixente, cal é a máis axeitada para responder a este tipo de alumnado con AACC? Razone a resposta.(2021)
4. En que consiste a técnica cognitiva denominada "autoinstrucións"? Diseñe unha actividade baseada neste técnica para un alumno con TDAH predominantemente inatento de 1º de ESO.
5. Indique cal é a súa participación, como PT, en cada un dos distintos niveis da orientación.
6. No IES no que traballa como PT está escolarizado un alumno de 14 anos con graves dificultades de aprendizaxe. A pesar desta condición, móstrase como un alumno traballador e con gañas de aprender. Na avaliación final, atopámonos con que finaliza 1º ESO con catro materias suspensas (lingua castelá, matemáticas, inglés e bioloxía) polo que debemos proceder á toma de decisións.
 - a. Pode este alumno promocionar a 2º ESO
 - b. Podería este alumno ser candidato á incorporación a un Programa de Diversificación Curricular? Explique brevemente dita medida e indique o procedemento a seguir.